

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-11

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre internet na escola. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Luis Cacho: “A internet vai cambiar completamente a escola”

Redacción: César Lorenzo Gil

Luis Cacho (Logroño, 1965) cofundou a empresa de servizos dixitais Arsys e, desde aquela, creou novas iniciativas na internet enfocadas ao cambio das relacións que facilita a sociedade do coñecemento, especialmente no plano educativo, onde prevé unha revolución que ha acabar co actual modelo. Estivo en Celanova convidado ao curso de verán sobre Comunicación Audiovisual que organizou a Fundación Carlos Casares.



Luis Cacho. Gustavo Garrido

Vostede presentou a súa web Educaline como unha completa renovación do sistema educativo.

Pensamos que o ensino ten que beneficiarse das novas tecnoloxías e utilízalas para mellorar o rendemento escolar. Nesa páxina, e noutras como destinomates.es, propoñemos un cambio de modelo, con novas funcións para os alumnos, os profesores e os pais. Traballar en rede permítenos crear itinerarios educativos personalizados nos que é o propio escolar quen define os seus ritmos e os profesores acompañan e supervisan os seus avances. Isto multiplica o tempo de atención real a cada materia porque o alumno aprende dunha maneira case intuitiva, con ferramentas visuais, estilo narrativo e ten a posibilidade de interactuar coa máquina.

Penso que o ensino acabará máis relacionado no futuro inmediato co negocio da internet que coas industrias editoriais. E falo de ámbitos globais, como un centro de datos, ata empresas locais, como unha consultoría tecnolóxica ou un servizo de mantemento.

Non teme que ese cambio só chegue a centros con tecnoloxía e que discrimine outros?

Converter os centros de ensino en espazos autosuficientes no eido tecnolóxico é custoso pero irremediable porque a longo prazo os seus beneficios son evidentes e porque os usos dixitais xa son comúns para calquera neno fóra do ámbito escolar. Ademais, penso que as dúbidas que podía haber hai anos sobre a xeneralización da banda ancha en todo o territorio hoxe non existen. Estou convencido de que a Administración buscará a tecnoloxía necesaria para que calquera localidade teña acceso en condicións á internet.

Supón este cambio a fin do libro de texto?

Non. Só muda o seu papel, nunca mellor dito, no proceso de aprendizaxe. A educación é algo complexo e precisa de moitas ferramentas a un tempo. O ideal é que todas se complementen, que haxa unha conciencia xeral no deseño do sistema educativo para que todo se integre e renda ao máximo.

Nestes intres fálase moito do cambio do papel ao dixital na prensa. É vostede dos que xa enterraron o futuro dos xornais?

O cambio de mentalidade que provocou a internet é imparabile. Mudaron hábitos e mudaron formas de cubrir necesidades. Quen hoxe precisa información inmediata xa non espera a ir ao quiosco porque sabe onde encontrala, cunhas posibilidades de documentación e relación que non teñen competencia no xornal ou na revista. Pero os medios impresos poden ter futuro se saben engadirlle valor ao seu produto. Quizais cheguen a públicos máis minoritarios, pero máis fieis e interesantes como compradores ou como obxectivo de anunciantes. A calidade material do papel é insubstituíble e iso fai que unha publicación cunha boa maqueta, con boas fotos, pensada para que a degustemos na fin de semana poida ser un gran negocio. Por outra banda, se a iso lle sumamos tocar temas ou contar con autores que non son accesibles na rede, os seguidores terán que seguir acudindo a ese formato.

Outro dos seus proxectos é a web Gnos, definida por vostede mesmo como 3.0 ou web semántica. Pero non estabamos aínda empezando a explorar a web 2.0?

Na internet, os cambios non son secuenciais. Varios niveis poden camiñar xuntos. De todos os xeitos, é certo que o concepto de web semántica aínda está nunha fase de xerminación moi temperá. A base deste novo modelo aséntase en buscar que a máquina se adapte á forma natural de pensar dos humanos. Ata agora os buscadores, por exemplo o Google, aplicaba unha fórmula alfanumérica na procura. A web 3.0 crea mapas conceptuais de referencia que se van ordenando en diferentes niveis. É dicir, o ordenador interpreta mellor o que queremos atopar e entende a maneira que ten o noso cerebro de relacionar as cousas. Polo momento, na nosa páxina propoñemos un espazo que cinxe as xa famosas redes sociais, un arquivo que xestiona o noso patrimonio intelectual –escritos, fotos, creacións artísticas...– e pon todo iso en relación cos demais usuarios para desenvolver ideas de forma colectiva, para o que segue o sistema da Wikipedia, por exemplo.

Estes días falouse moito das dificultades económicas de Facebook. Como é posible que unha marca tan famosa non dea diñeiro?

Coido que hai diversas estratexias de negocio na internet. Ti podes ofrecer un produto, a xente paga por el e punto. Pero hai outros negocios que teñen a súa base no grao de coñecemento global que posúen. Youtube é hoxe unha referencia mundial na difusión audiovisual. Primeiro preocupouse diso, de que todo o mundo soubese que significa esta palabra que no 2002 nin existía. E agora que conseguiron atraer millóns de visitas é cando se preocupan de lograr fontes de ingreso, coa publicidade ou con outros métodos. Este sistema pódese estender a outros negocios; por exemplo, o libro. Os libros electrónicos poden dar cartos como produtos que o editor lles vende aos lectores, pero noutros casos quizais o que interesa é que un libro se difunda, que chegue a moitos lectores e que iso cree outros vectores de beneficio, atractivos para empresas que van valorar o peso específico desa marca ou dese produto e o seu impacto.

É máis fácil ser emprendedor na rede ca no mundo físico?

Ten menos barreiras de entrada. Un innovador cunha idea e un ordenador pode atinxir o mercado global. Permítelle ao individuo esquivar as trabas que teñen outras ideas “físicas”, desde o local comercial aos gastos fixos de explotación. Ademais, un emprendedor cunha idea para o mundo industrial necesita intermediacións case en todos os casos. Na internet, non. Non en van, case todas as grandes empresas do sector dixital teñen a súa orixe nun fundador ou fundadores concretos, con nome e apelidos. Pero, con todo, as empresas que triunfan na rede comparten co resto das empresas o mesmo concepto: investimento inicial máis estratexia de explotación, coa idea de obter un beneficio.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que é Educaline? ▪ Que comenta o entrevistado sobre o paso do papel ao formato dixital? ▪ Que di dos emprendedores na rede? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	
<p>Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:</p> <ul style="list-style-type: none"> A. "Dotar os centros de ensino no eido tecnolóxico é custoso pero irremediable." B. "O cambio de mentalidade que provocou a internet na nosa sociedade é imparabile, xa ninguén pode prescindir dela." C. "Todo prognostica que no futuro non haberá nin libros nin xornais en papel, mais é difícil de aceptar." D. "É moito máis doado ser emprendedor na rede ca no mundo físico." 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

“Dotar os centros de ensino no eido tecnolóxico é custoso pero irremediable.”

- Que opina vostede de que hoxe en día os centros educativos dispoñan de novas tecnoloxías?
- Parécelle que a Administración axuda e fomenta a presenza desta tecnoloxía nas aulas?
- Que suporía para un neno non afeito aos ordenadores o emprego das novas tecnoloxías na aula? Sería positivo ou negativo?
- Cales cre que son os grandes beneficios que ten a presenza da internet na escola? En que pode facilitar o traballo do profesorado e do alumnado?
- Cambiou moito o ensino desde que vostede era neno/a a hoxe en día? En que?
- Coida vostede que esta carreira das novas tecnoloxías se vai estancar ou que continuará?
- (Se procede) Existen diferenzas sobre a presenza das novas tecnoloxías nas aulas en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

“O cambio de mentalidade que provocou a internet na nosa sociedade é imparabile, xa ninguén pode prescindir dela.”

- Pensa que a presenza da internet cambiou a nosa mentalidade e a nosa vida? De que xeito?
- Buscar calquera tipo de información nunha rede mundial sen saírmos da casa facilítanos moito a vida, pero ve vostede algún inconveniente?
- Coñece alguén adicto ás novas tecnoloxías? Algunha persoa que non poida vivir sen ordenador, sen móbil? E alguén adicto á internet?
- Coñece alguén que, por propia decisión, viva sen empregar as novas tecnoloxías? Que lle parece esa postura?
- Que opina vostede das redes sociais (Facebook, Twitter)? Parécenlle útiles?
(Resposta afirmativa) Pero non cre que axudan a que as persoas se illen máis?
(Resposta negativa) Pero non cre que axudan a que as persoas se relacionen?
- O correo electrónico, os *chats*, os *blogs*, as redes sociais... Cales pensa que serán os seguintes pasos?
- (Se procede) Existen diferenzas sobre o emprego da internet en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“Todo prognostica que no futuro non haberá nin libros nin xornais en papel, mais é difícil de aceptar”.

- É vostede unha persoa que le habitualmente? Prefire os libros en papel ou en formato dixital? Por que?
- Cales son as vantaxes de ler un libro ou un xornal en papel? E as desvantaxes?
- Non lle parece que facemos un gasto de papel innecesario?
- Cre que coa dixitalización as obras poderán chegar a máis ou menos lectores? Por que?
- Que sucederá coas editoras? Como cre que se poderán adaptar a este cambio para sobrevivir?
- Hai unha parte da sociedade que está en contra deste avance e que defenderá os libros en papel. Ocórreselle como poden facelo?
- (Se procede) Existen diferenzas sobre o emprego do formato dixital para os libros en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

“É moito máis doado ser emprendedor na rede ca no mundo físico.”

- Coñece vostede algunha persoa que teña un negocio na internet?
- Pensa que é doado montar unha empresa no mundo físico? Que se precisa?
- Que considera necesario para montar unha empresa na rede? Parécelle complicado?
- Cre que actualmente as persoas emprendedoras contan con axudas suficientes para sacar adiante un negocio?
- Se vostede montase un negocio, cal sería? Por que?
- Que prefire vostede, traballar por conta propia ou ser empregado/a? Por que?
- (Se procede) Existen diferenzas entre os emprendedores de Galicia e os do seu lugar de orixe?